
APUNTAMENTOS básicos

DE ORTOGRAFÍA

1º ESO – Curso 2021/2022

Prof.: Andrea Expósito Loureiro



LIVEWORKSHEETS

Primeira lección: uso de *b* e *v*

Escríbense con **b**:

- Os verbos rematados en -bir e -buír (agás *servir*, *vir* e *vivir*): *escribir, recibir, atribuír…*
- As terminacións do pret. imperfecto de indicativo dos verbos da 1ª conxugación: *soñaba, andabamos, camiñabas, bailabades…*
- Os grupos consonánticos bl, br, bs, bt, bv…: *potable, abstracto, obvio, obtuso…*
- Os adxectivos rematados en -ble ou -bel: *incrible /incríbel…*
- Os substantivos rematadas en -bilidade: *posibilidade, responsabilidade…*
- As palabras cos prefixos bi-, bis-, bio-: *bilateral, bienio, bisavó, bioloxía, biosfera...*

Tamén se escriben con **b** as seguintes palabras: *abelá, bafo, baldeiro/baleiro, beira, billa, bolboreta, gabia, marabilla, móbil, nobelo, polbo, rebentar, ribeira* e as palabras que derivan destas.

Escríbense con **v**:

- As palabras co prefixo vice-: *vicepresidenta, vicerreitor…*
- Os adxectivos rematados en -ivo/-iva: *comprensivo/a, nutritivo/a…*
- Os substantivos rematados en -vidade: *brevidade, actividade...*
- Os substantivos rematados en -ívoro/a: *carnívoro, herbívora…*
- Algunhas formas do verbo ir: *vou, vas, vaiamos, vai…*
- Algunhas formas dos *verbos estar e ter*: *estiven, estiveras, tivese...*

Tamén se escriben con **v** as seguintes palabras: *acivro, avó, avogado, chuvasco, covarde, escaravello, escarvar, esvarar, garavanzo, gravar, gravata, pavillón, trevo, varanda, varrer, vasoira, vermello, verniz, verza, voda, voitre, vulto* e as palabras das súas familias léxicas.

LIVEWORKSHEETS

Segunda lección: uso do *h*

O hache é unha letra muda, é dicir, non representa ningún son e úsase nos seguintes casos:

- As palabras que comezan polos prefixos hecto-, hemo-, hidr(o)-, hiper-, hemi-, hexa-, hipo-, homo- e por hum-: hectolitro, hemoglobina, hidráulico, hipermercado, hemiciclo, hexágono, hipódromo, homófono, humilde.
- Levan h intercalado palabras como *exhibir, prohibir* ou *alcohol* (tamén *alcol*).

Palabras confusas (palabras que en castelán se escriben "ao contrario")
Escríbense **con h**: *harmonía (harmónico, harmonioso, harmonizar...), harmónica, harpía, hasta, Helna, hendecasílabo, Henrique.*
Escríbense **sen h**: *achar, aí, ala!, alelí, ata, baía, inchar, irmán/irmá, oco, ola!, ombro/ombreiro, orfo, óso, ovo, truán, úmero* e as palabras derivadas delas.

OLLO!		
Hai Forma verbal do verbo *haber.* *Hai catro gatos enriba do tellado.*	**Ai!** Interxección que expresa dor, sorpresa etc. *Ai! Cravei a agulla no dedo.*	**Aí** Adverbio de lugar. *Os gatos están aí, enriba do tellado. Velos?*

LIVEWORKSHEETS

Terceira lección: palabras con *es-* e con *ex-*

Palabras con es-
Escachar, escáner, escarmentar, escalar, escarvar, escavar, escordar, escusa, esgazar, esgotar, esmagar, esparexer, espectáculo, espectador, espelir, espertar, espetar, espléndido, espontáneo, espremer, estender, estoupar, estoxo, estrada, estragar, estranxeiro, estraño, estratexia, Estremadura, esvarar... e as palabras das súas familias léxicas.

Palabras con ex-
Exceder, excelente, excepción, excepto, exceso, excitar, exclamar, excluír, exclusivo, excursión, exhibir, expansión, expectación, expedición, experiencia, experimento, expirar, explanada, explicar, explorar, explosión, explotar, expoñer, exportar, expresar, expropiar, expulsar, exquisito, extensión, exterior, exterminar, extinguir, extraer, extremidade... e as palabras das súas familias léxicas.
Tamén se escriben con ex- as palabras co prefixo extra-: extraescolar, extraordinario, extraviar...
Fíxate ben! "Estender" escríbese con "s" pero "extensión" con "x".

LIVEWORKSHEETS

Cuarta lección: palabras con *i*, con *ll* e con *x*

Le atentamente estas palabras, que adoitades escribir mal por influencia do castelán.

Palabras con i
Apoio, boia, claraboia, desmaiar, ensaio, escaiola, faiado, iate, ioga, iogur, ioió, maio, maionesa, maior, papagaio, praia, raia, raio, saia, xoia e as palabras da súa familia léxica: *maioría, pararraios, xoiería...*

Palabras con ll
Abella, acubillar, agasallo, aguillón, agulla, alleo, allo, antollo, aparellador, atallo, baralla, burbulla, cella, cerralleiro, coello, concello, consello, encrucillada, escaravello, espello, estropallo, fillo, folla, lentellas, mellor, mollar, navalla, ollo, orella, ovella, palla, pallaso, parella, piollo, semellar, sortella, tella e as palabras derivadas delas: *barallar, concelleiro, emparellar...*

Palabras con x
Inxección, pexorativo, proxecto, traxecto, xema, xenro, xeso e as palabras da súa familia: *proxector, traxectoria, enxesar...*
Outras palabras que se escriben con **x** son: arxila, *cervexa, graxa, paixón, xastre* ou *xordo.*

Quinta lección: uso de *cc* e *ct*

Escríbese cc e ct despois das vogais a, e, o: *acción, afección, accidente, olfcato, lectura, nocturno...*

Só se escribe c e t despois das vogais i, u: *dicionario, destrución, vítima, condutor, ditado...*

Excepcións: convicción, dicción, dúctil, eructo, ficción, fricción, veredicto...

LIVEWORKSHEETS